



## INFORMACIÓN SOBRE O PRAZO E MODO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE PSICÓLOGO/A

(Bases Específicas BOP núm. 151, do 01.07.2024

Convocatoria BOP núm. 165, do 17.07.2024)

### 1.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 13 de marzo de 2020 no que se aproban as bases xerais que rexen os procedementos de selección temporal que se leven a cabo na Deputación Provincial de Lugo (BOP 079, do 06.04.2020 e corrección de erros BOP núm. 161, do 15.07.2020) sinala no seu punto 5.3:

*“O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP”*

Como consecuencia **o prazo comeza ás 00.00 horas do día 18 de xullo de 2024 e remata as 23:59 horas do día 29 de xullo de 2024.**

### 2.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (BASE XERAL 5.2)

a) **Presentación telemática na sede electrónica da Deputación de Lugo:** acceso no Catálogo de servizos – Recursos Humanos, onde figura o modelo oficial de solicitude-relación de méritos.

Para este trámite será necesario contar con certificado electrónico e que os documentos que se deben incorporar coa solicitude sexan documentos orixinais con código de verificación.

Deberase presentar:

a.1 Solicitude-relación de méritos (non debendo presentar as acreditacións documentais, xa que unicamente as presentarán as persoas aspirantes que



superen a fase de oposición). Na fase de concurso so se terán en conta para a súa valoración os méritos relacionados xunto coa instancia de participación.

a.2 Os documentos orixinais (con código de verificación) que se sinalan no punto 3. Todos os documentos que se presenten deberán achegarse en formato **PDF**.

**b) Presentación presencial no Rexistro Xeral da Deputación Provincial ou en calquera outro lugar dos sinalados no art.16.4 da Lei 39/2015:**

b.1 Instancia cuberta, xunto coa relación de méritos que desexe facer constar (non debendo presentar as acreditacións documentais, xa que unicamente as achegarán as persoas aspirantes que superen a fase de oposición).

b.2 Os documentos orixinais sinalados no apartado 3.

### **3.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE (BASE XERAL 5.4)**

a) **Titulación académica** oficial esixida na base específica 4: **Grao ou licenciatura universitaria en Psicoloxía.**

b) **DNI**, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.

c) **Nivel de galego** esixido na base específica 5 (**Celga 4**), no suposto de non acreditalo deberase realizar, de selo caso, a proba establecida na base xeral 8.1.3.

d) O documento acreditativo do **pago da taxa** de participación en procedementos selectivos (base xeral 5.6):

**Taxa xeral 15€ ou taxa reducida 3,75€** (neste suposto debera achegar as acreditacións da condición de persoa desempregada xunto coa de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.



O abono da taxa poderá facerse en efectivo nas oficinas da Tesouraría da Deputación de Lugo ou a través de xiro postal ou transferencia bancaria ao número de conta ES04 2080 0163 8531 1000 0423 de Abanca.

e) **Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%**, no suposto de aspirantes que necesiten solicitar adaptación das probas (deberase xuntar tamén o ditame técnico facultativo).

Para calquera aclaración ou dúbida pode chamar a Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo a través dos seguintes números de teléfono 982 260 082 - 982 260 198 - 982 260 043.

**A xefa da Sección de Selección, Promoción e Carreira.**